

Carta dende Portugal

Un Portugal de seu

VERÓNICA MARTÍNEZ DELGADO

ALBERTE MOMÁN NOVAL

Os quilómetros pasan, dende a *portagem*, nunha estrada baleira que se abre a través de outeiros cubertos cun manto de toxo, signo do mesmo abandono que denota a outra marxe do Miño, que vimos de deixar atrás. A continuidade da paisaxe vese rota polas breves notas publicitarias que indican unha outra grafía, un léxico tan distinto á *ilustre lingua española* que coloniza os postes e farois da, agora xa, outra beira. De cando en vez, unha *carrinha* que loita pola ascensión a cada cumio dunha autoestrada que sobe. Un símbolo da cultura proletaria ranqueando durante a subida, como o Sísifo termendo da lousa de toda unha clase. E á esquerda, a alta gama dun vehículo que apura a unha velocidade anormalmente elevada. A clase media aferrándose aínda á fachada dun predio que o capitalismo converteu en privilexio, contrastando co baleiro interior e a fragilidade duns alicerces que fan tremar a estrutura en cada embate da desregularización e a privatización de servizos.

En chegando ao Porto, a estrada atégase dun tráfico continuo que se concentra nos carrís de entrada e saída da cidade. Os barrios populares, semellan ficar varados no tempo, alleos á inercia



dun centro urbano que se moderniza, aplicando novas costuras ás feridas que o abandono producira na arquitectura local e comunicando aquelas zonas que a orientación turística converte en estratéxicas. A pobreza fica prendida na separación do empedrado, por onde os pneumáticos rebotan consolidando a estrutura.

Xa en Lisboa, en Belém, arredor do seu magnífico Centro Cultural, Mosteiro dos Jerónimos, Padrão dos Descobrimentos, todo se traduce en ostentación, na aparencia que ese Portugal conservador desexa mostrar ao exterior. Cubertos de *chique*, o seu *charme* maniféstase en lentes de Valentino, Ferraga-

mo ou Clohé para elas, Ray-Ban para eles, peiteados de decenas de euros, algún *nerd* e turistas, turistas, turistas maioritariamente orientais, a vivir os días en Lisboa a través do obxectivo das súas cámaras Canon, e algún daqueles outros europeos. Decorado perfectamente disposto nunha fachada barroca ou manuelina, sen edificio por tras, o luxo cara a fóra, contradicindo así o ben facer construtivo musulmán, Bairro da Alfama, baño ou fonte onde lavar a vergoña do que non levou o lume e que lles recorda o que tamén foron.

Hai máis dun Portugal nas rúas, alén do brillo dos escaparates e as luces que sinalan as construcións sobranceiras. O Portugal da *juventude á rasca*, que vive o cotián ideando alternativas, pero procurando un traballo que o iguale á cada vez máis alienada minoría. Aqueloutro Portugal daqueles que terman do consumo, xogando ao despiste co infortunio, amparándose nos restos dun benestar que recibiron con data de consumo preferente.

Se subimos até a Esplanada da Graça, aí fica o Portugal agochado, á mantenta, aos ollos dos estranxeiros *stricto sensu*. Os Guents dy Rincon tráennos os cánticos acústicos de Cabo Verde, as raparigas angolanas a contar céntimos na fila do supermercado para almorzar un iogur na Praça do Comércio, as prostitutas, tamén portuguesas, a abalar no elevador de Santa Justa ou do Carmo, a mostrarnos a historia, a raíz negada polos cerebros ocultos tras das lentes de sol no inverno: Angola, Cabo Verde, Madeira, Brasil e os Azores.

Co nome de Portugal móstrase todo Occidente, e con ese mesmo nome, as particularidades que fan de Portugal un país diferente, un pequeno enclave de persoas próximas e humanas, coa concepción vilá do tempo e os recursos, na que o primeiro viaxa a unha velocidade moi inferior ao frenético estrés que marca o mundo, e un segundo no que o valor dos obxectos se calcula á marxe do traballo das persoas, voluntariosas e afastadas do concepto inhumano do capital. E entretecido en cada rúa, nas fachadas, nas edificacións e enclaves singulares, o Portugal católico, reverencial e submisivo. Un Portugal gravado no subconsciente de cada individuo, sen considerar formación, ideoloxía ou clase. Estado que se cuestiona aínda só en reducidos círculos intelectuais, dunha elite que se revolta para desfacerse, primeiramente, do mal que leva dentro. É nas subidas e baixadas de Coimbra onde o conflito da corrección e o politicamente correcto se explicita, nos predios ocupados por estudantes, que como nacións independentes proclaman a *Real RePública do Prá Kys Tão* ou *Paços da República dos Kágados*, alentados pola liberdade que proporciona a xuventude, e alertados pola inestabilidade económica e social que proclama esoutro Portugal administrativo.

E nas concomitancias que constrúen un Portugal globalizado, a máxima do servilismo a Deus, ao patrón e ao capital, que racha coas antigas formas de servidume, ameazadoramente próximas e de doada identificación, por aqueloutras distantes e ocultas baixo a careta de grandes nomes recoñecibles tan só como imaxe de marca. Uns antigos referentes utilizados por estas últimas, para defender unha continuidade deturpada ■

